

PRIMEIRAS APROXIMACIÓNS A UN ESTUDIO DE VETERINARIA POPULAR NA PASTORIZA (LUGO)

Por: Yolanda Seoane Veiga

RESUMO

Estudio sobre algúns aspectos da veterinaria popular, definindo as súas manifestacións pasadas e actuais na Pastoriza a través da descripción dun grupo de enfermidades animais. Faise unha revisión do estado actual da cuestión. As fontes utilizadas son principalmente datos de campo.

RESUMEN

Estudio sobre algunos aspectos de la veterinaria popular, definiendo sus manifestaciones pasadas y actuales en A Pastoriza à través de la descripción de un grupo de enfermedades animales. Se hace una revisión del estado actual de la cuestión. Las fuentes utilizadas son principalmente datos de campo.

INTRODUCCIÓN

A nosa sociedade tradicional está en crise, e nas crises os defectos e as carencias xurden con claridade e vense de preto. A cultura popular galega posúe unha riqueza e un pluralismo cultural inmensos, froito do decorrer dos anos, que, nalgunha das súas manifestacións, corre o grave risco de perderse sen sequera gozar dunha investigación que permita coñecer os seus rasgos máis básicos. Esta situación pode provocar que nunca se chegue a construír unha historia da nosa sociedade todo o completa e rigurosa que sería preciso.

Un magnífico exemplo disto témolo na veterinaria popular, que é aquela que se refire ás concepcións e prácticas veterinarias froito da tradición, que gozan dunha condición natural, baseada no emprego terapéutico de plantas ou remedios orgánicos e animais sobre unha base empírica, xunto cunha dimensión máxico-relixiosa. A súa lista de estudos límitase a curtas alusións, que veremos máis abaixo, exparexidas en menos dunha ducia de obras.

Este feito non nos alarmaría da maneira na que o fai senon advertísemos con temor a súa completa liquidación dentro de varias décadas, mercé os cambios acontecidos na sociedade rural e ó proceso xeral de modernización cada vez máis acelerado que están a sufrir as economías agrícolas-gandeiras, e que van determinar as prácticas actuais e futuras da veterinaria popular ó exixir a actuación doutro tipo de veterinaria máis acorde cos tempos que vivimos, a veterinaria científica.

Se ben estas razóns son as de maior peso para lexitimar a necesidade de estudos antropolóxicos da veterinaria popular, por darlles un carácter urxente, non son as únicas.

Non debemos esquecer as aportacións que uns estudos desta índole poderían prestar ó coñecemento da cultura popular galega. Servirían para comprender aspectos da comunidade rural ata agora pouco coñecidos posto que esta, ó buscar o tratamento para as enfermidades dos seus animais a través da medicina animal provoca que se adapte a ela e a refrexe. Así a veterinaria popular vaise referir á maneira en que cada sociedade entende a enfermidade do animal, á forma que ten de diagnosticala e de actuar fronte a ela. O antropólogo tratará de describir os procedementos que se utilizan para isto e sobre todo de analizar o seu significado, explicando entretanto a concepción que a sociedade ten do animal e a relación a nivel simbólico entre este e o home.

Temos que ter en conta a importancia desta relación en Galicia, posto que o humano, o animal e o material forman unha unidade cerrada. Se enferma ou morre o gando, especialmente a vaca, que é o animal por excelencia da economía da casa, a relación e como consecuencia o equilibrio desta unidade verase seriamente alterado. Ó final do proceso a través da enfermidade animal conséguense captar aspectos do entorno folclórico e sociocultural que doutra maneira pasarían inadvertidos, chegando así a unha conclusión xa feita que tamén podemos utilizar aquí “a enfermidade ademáis de ser un xeito obxectivo é tamén un senso, un feito cultural” (GONDAR, 1992).

Por outro lado podería actuar como punto de apoio da veterinaria académica, máis especializada e moderna, que manifestou, en máis dunha ocasión, un escaso interese ou quizais un profundo descoñecemento polas prácticas da veterinaria popular, e que está a condicionala en gran medida. A veterinaria científica marxinou á popular, non só por propia iniciativa senón como parte integrante dunha sociedade que cada día busca máis profesionais, e prima a formación como un importante activo para o seu desenvolvemento.

O modelo de veterinaria popular non se ten porque opor ó da veterinaria oficial, simplemente se atopa fóra del, por iso o ideal sería que cada vez se foran acurtando as distancias e se establecese unha colaboración entre as dúas. Se se conseguen modificar actitudes e se leva a cabo un proxecto sensato de antropoló-

xía aplicada, comprenderase que a axuda que ambas veterinarias se poden prestar é de inestimable valía.

Partimos xa da base de que permitiría establecer unha comunicación prometedora entre veterinario e campesiño xa que conseguiría que “o veterinario coñeza perfectamente as claves e resortes da cultura na que traballa para entender a mentalidade dos que demandan ou deberán demandar a súa axuda e buscar a mellor maneira de intervir, salvando os problemas que supón a desigual concepción de enfermidade que ten o mundo científico e a comunidade rural” (VÁZQUEZ VARELA, 1991). Pero por qué non ser ambiciosos é soñar ademais cunha aplicación científica segundo a cal se recolleran e adaptaran moitos dos remedios e ideas que, despois dunha análise experimental, poderían constituir un avance na farmacopea científica.

Por todo isto, e a pesar do obstáculo que representa a ausencia de estudos, non debemos renunciar a unha investigación neste eido, senón motivarnos para levar a cabo un proxecto amplo que estudie e documente desde un punto de vista científico as prácticas da veterinaria popular. Este, sen dúbida, terá nos antropólogos e no lector interesado os seus mellores aliados.

METODOLOXÍA

A nosa intención é encher este vacío e achegarnos a unha primeira aproximación. Non pretendemos facer un longo estudo antropológico, nin o espacio nin a información recollida ata o de agora o permiten, pero sí poñer a primeira pedra para traballos futuros. Intentamos amosar que a veterinaria popular existe e xustificar a necesidade do seu estudio, para isto debemos axudarnos fundamentalmente de datos de campo, e en menor medida do que se ten escrito sobre o tema.

Dende o punto de vista bibliográfico, podemos extraer datos de interese das obras de Lis Quiben e Fidalgo Santamariña, que en “Medicina popular en Galicia” (1949) e “Antropoloxía dunha parroquia rural” (1988) respectivamente, adican un capítulo ó tema. En “Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia” e en “Aspectos simbólicos y morales de la cultura gallega”, de Lisón Tolosana existen breves referencias sobre algúns aspectos concretos da veterinaria popular e incluso algunha alusión ó seu paso pola Pastoriza.

Tamén a obra biográfica do veterinario García Sanz “Andanzas y anécdotas de un veterinario”, garda algúns datos explotables antropoloxicamente. Ademais Vázquez Varela nunha ponencia titulada “Aproximación a un proxecto de antropología aplicado a la veterinaria en Galicia” (1991) xa valora a necesidade e as ventaxas dun proxecto antropológico aplicado a este eido.

Así pois, o feito ata o de agora non é suficiente, e moitas veces atópase aillado ou subordinado á medicina popular. Non existen traballos amplos que traten o tema analiticamente, pero xa están en marcha proxectos que nun futuro non moi lonxano van cambiar a situación. Pronto se dará un paso adiante coa publicación dun libro titulado "Albeitería en Galicia", que describiría e sobre todo analizaría este fenómeno na nosa comunidade.

Os datos de campo que aquí se utilizan foron extraídos das entrevistas feitas entre decembro do 1999 e xuño do 2000 no concello da Pastoriza¹, municipio da provincia de Lugo, a miña terra de nacemento o cal me facilitou considerablemente o traballo. Nas conversas mantidas cos meus paisanos recordaron as prácticas veterinarias que viron facer, ou que eles mesmos fixeron ou aínda fan. Nalgunha ocasión un traballo fácil, noutras un duro esforzo mental que agradezo sinceramente.

A Pastoriza segue a liña de cambios na que se atopan inmersas a maioría das comunidades rurais de Galicia, e que por suposto tamén afecta a súa economía, baseada na maioría dos casos na explotación leiteira². Estas transformacións fixeron que nos últimos anos na zona se impuxera o actual sistema de veterinaria, o cal non significa que non se sega a utilizar o modelo de veterinaria popular, aínda que en menor medida, ou que non se conserve intacto na memoria popular, e moito menos cuestiona a gran riqueza antropolóxica que aínda conserva a zona.

A partir destas fontes trataremos de elaborar un esquema e de analizar as súas significacións. Axudarémonos das descripcións dos diferentes tipos de enfermidade xunto coa causa que a provoca, o diagnóstico e por suposto a práctica curativa que a comunidade porá en marcha para atallala. Ímonos centrar no gando vacún, especialmente na vaca, por tratarse do animal base e pola maior abundancia de datos. Pero a veterinaria popular non deixa de lado outro tipo de animais coma os cochos, cabalos, galiñas, coellos, cans, cabras... ós que aludiremos brevemente xa que son menos significativos.

DESCRIPCIÓN

Empezaremos por aquelas prácticas que son propias da veterinaria empírico-natural. Velaí vai unha pequena mostra:

En primeiro lugar virán as prácticas curativas que se aplican ós *problemas dixestivos*, por seren estes dos máis frecuentes. Case sempre veñen provocados por unha mala alimentación do animal e provocan que a vaca deixe de rumear, teña inapetencia e se amose triste. Dacordo coa doenza aplicáranse distintos remedios. A inchazón de estómago trátase coa terra que as toupas deixan visible nos prados, botándoselle polos costados; dándolles follas de cebola; ou

¹ Municipio da provincia de Lugo e diocese de Mondoñedo que limita ó N. con Mondoñedo, ó O. con Abadín, ó E. con Riotorto e ó S. con Cospeito. O termo municipal pertence a comarca da Terra Chá. A súa extensión é de 176 Km². Conta cunha poboación superior ós 5000 habitantes distribuídos en 19 parroquias, cunhas 10 aldeas por parroquia. Posúe unha densidade de poboación de 28,82 hab/km² e un hábitat moi diseminado.

² Do conxunto de empresarios da zoa máis do 75% teñen por ocupación a actividade agraria.

poñéndolles un puñado de herba seca ó traveso da boca, xa que ó mastigar lles sairá o aire. Se non se soluciona con isto había que puncionar a vaca cun trocar³. O cólico ou torzón trátase con flor de sabugo ou de bieteiro recollida o día de San Xoán pola mañá, ou ben con manzanilla. Para o estreñemento acúdese ó efecto purgante da herba de rata e para as diarreas quítase da dieta a herba verde e introdúcese a seca, dándolles ademais cervexa. Para que a vaca non sufra ningún destes problemas e para ter o estómago san aconséllase asento ou herba boa.

As *enfermidades posteriores* ó parto son tamén moi comúns nas vacas. Para que se recupere despois do parir amántase, deixase na corte, e dáselles viño quente con azucre ou chocolate. Se a vaca non se desquita pode ser debido a que colleu frío despois do parto; serán bos neste caso viño con canela, auga na que se coceron ferros vellos ou verzas. Se ó parir se lle sae a matriz de fóra por ter un parto complicado ou por ter parido moitas veces, hai que lavárllela con leite munnido de daquela ou con auga tibia con aceite, e intentala devolver ó seu sitio. A vaca despois do parto ou se pasa moito tempo ó frío ou calor pode ter mamite e aparecer co ubre inchado, dar o leite cortado, dar patadas ó ubre, ter febre... etc. Para solucionarolo úntaselle con graxa de porco sen sal coa axuda dunha verza, con xabrón sen empezar, con viño avinagrado, co primeiro leite que dan despois de parir, ou coa sustancia que soltan os balocos ó machacalos. Ademais dependendo do lado do ubre que teña inflamado úntaselle con aceite de oliva a parte inversa dos cuadrís... Para que “ubren” e den leite, dáselles a beber viño con cervexa.

As *enfermidades respiratorias*, coma a gripe ou a pulmonía veñen provocadas pola exposición prolongada ó sol ou ó frío, ou por un andazo. Os animais atópanse con febre, e deixan de rumea. Para os casos máis graves é recomendable a raíz de altea, ademais hai que alimentar á vaca e darlle bebidas quentes: viño quente con azucre ou café con coñac. Para a tose e os catarros auga de figos, herbaboa ou auga con mel.

Tamén os animais sufrían *problemas parasitarios*. Os parásitos atacan ós animais cando están débiles por unha alimentación mala ou escasa. Contra as carra-chas hai que facer un emplasto de aceite, cinza e xabrón co fin de que caian. Para os piollos cúbrese a pel do animal con cinza. Para que o esbérrego, verme enquistado, saia ponse graxa ou aceite no buraco que este deixa para respirar ó inxertarse na pel. Se a parasitación é interna, coma no caso das lombrigas, que afectan habitualmente ós becerros, recoméndase unha infusión de herba boa.

Se a vaca presentaba *problemas na pel* coma as verrugas, é boa a sustancia da celidonia, o fermento do pan ou atárllelas cunha seda do rabo ata que sequen. Se están moito tempo ó sol, tamén poden padecer do soleado, para calmalo faise unha cataplasma con papel de estraza, no que se bota: aceite, fariña de liñaza, a clara de dous ovos e fariña de centeo, cando o papel estea seco é a hora de quitarllo. Para as feridas ou vultos na pel, úntaselles a zoa con ouriños das persoas.

³ Instrumento parecido a un puñal de folla cilíndrica metido nunha cánula. Crávase no van esquerdo da vaca, deixando a cánula introducida para que sallan os gases.

Para as *doenzas dos pés*, como as de coceduras ou feridas entre as unllas, aplícaselles na zona afectada gas dos candís ou auga de sulfato. Contra o formigo, producido por un bicho que lles vai comendo o casco, é bo o conservante do leite ou deixar que a graxa derretida dun torresmo metido nun corozo de millo lles fose caendo alí. Os emplastos de celidonia serán bos no caso dos gabarros, que son uns vultos que soltan sangue e un líquido blanquecino que lles aperecen como consecuencia do esterco das cuabras e lles fan úlceras nos pés.

Para as *picaduras de animais venenosos* coma a cobra, úsase a “pedra de alicorno” e un anel, ambos chamados “de contraveneno”. Despois do exame da primeira chegamos á conclusión de que se trata dun pequeno fragmento de corno de cervo, queimado e pulido. O procedemento é o que segue: suxeitando cada un destes elementos e sumerxéndoos nun recipiente con auga, fanse cruces mentras se repiten unhas palabras que supostamente serían estas:

“Polo poder de Dios e da Virgen María
que che sanen eso.
Amén”

Logo dásele a beber ó animal unha parte de auga e coa outra laváselle a ferida. No caso de que os pique un alacrán, procederáse roéndolles a orella ata que sangue. Se comen un bicho no prado chamado cosco pónselles unha vexiga negra debaixo da lingua que lles hai que frotar con sal e vinagre. Ademais ó beberen a auga do río poden coller sanguesugas que logo lles hai que quitar cunhas pinzas, no caso de que rompan ou non den saído débense frotar con auga e sal para que lles caian.

Para todo tipo de *problemas nos ollos* son moi boas as lavativas con manzanilla. Se a vaca padece de cataratas, aparécelle unha teliña branca nos ollos que se quita botándolles por enriba deles casca de xiba.

Hai outras doenzas ou males internos que non teñen remedio, como poden ser o carbunco ou a gota. A primeira é unha enfermidade que produce febres altas e a aparición dunhas pústulas polo corpo. Críase que era provocada polas augas ou ben pola picadura dalgún bicho. Non había solución e o animal acababa por morrer. Corría a mesma sorte se padecía gota, enfermidade de orixe descoñecido que facía que tremeran, lles desen convulsións e que non se poidesen manter de pé.

A principal práctica preventiva da saúde das vacas era a de renovar o sangue na primavera. Para sangralas atábaselles unha corda ó redor da cabeza para suxeitalas e cunha navalla de pico afiado (fleme), facíaselles un burato no pescozo ou no rabo, aínda que neste último era menos frecuente. Podíaselles quitar ata dous ou tres litros de sangue. O sangrado ten a finalidade de previr, pero, unha vez enferma a vaca, tamén se utiliza nalgunhas ocasións como un recurso máis para sandalas.

As prácticas curativas de carácter máxico-relixioso van ser aplicadas en todos aqueles casos en que a enfermidade teña un carácter que se saia do natural. A envexa pode provocar problemas no animal, mal de ollo, que vai perturbar o equilibrio da súa saúde. Entre os síntomas máis leves do mal de ollo están os pio-llos, pulgas, verrugas... Estas últimas evítanse poñéndolle a vaca o nome de “figueira” ou unha vez aparecidas “descontaranse” mediante un escrito que non puidemos recuperar. Nos casos máis graves a vaca pode abortar, non empreñar, maltratar ós becerros, deixar de dar leite ou dalo ensanguentado. Tamén pode ser que a vaca caia, non se poida erguer, escape ou tolee.

Se todo isto ocorre a vaca afectada, será sometida a un ritual para anulalo. Un dos máis frecuentes na zona consiste en pasarlle polo lombo un pantalón ou gorra do home da casa á vez que se din estas palabras:

“Antes de que mal fuese visto, nació Cristo,
muera este mal y viva Cristo.

Polo poder que Dios ten e a Virgen María”

(Repetíase nove veces e rematábase cun “Amén”).

Se se sospeita que as vacas padecen mal de ollo, é aconsellable que o cura bendiga as cuadras, escupir nelas ou barreiras mentras se di: “fóra meigas” ou “meigarías non”, sen embargo esto último non é recomendable facelo de noite xa que se bota fóra a boa sorte.

Tan importante como curar é previr, por isto existe unha variada gama de prácticas de relixiosidade popular con este fin.

Por riba de calquera destes cerimoniais sobresaen aqueles practicados cos santos protectores, sobre todo a San Antonio, o máis venerado da zona:

“San Antonio verdadeiro o 17 de Xaneiro e se a festa lle fan o 13 de San Xoán”.

Estes días e mailo de San Isidro Labrador (15 de maio), outro santo que desperta gran confianza, as vacas non se xungen. Cando presentan o máis mínimo síntoma de mal exclámase: “¡Ai, San Antonio Bendito! ou “¡San Antonio nos valla!”, e acódesse a igrexa para facer ofertas ou dar esmolas. Na parroquia de Goiriz (Vilalba) tamén existe unha gran devoción por San Adrián, ó cal se lle pide pola saúde dos animais, pódense levar ata alí o día da romería buscando a súa protección ou como sinal de agradecemento polos favores concedidos. Isto faise “pasándollelo santo” (o crego impón a imaxe do santo diante da cara do animal) á vaca ou dándolle unhas cantas voltas ó redor do santuario, dependendo da promesa feita. Se non se pode levar o animal faise o propio cuns exvotos (figurinas de cera que representan os corpos dos animais) que correspondan co animal ofrecido, que logo se deixan a carón do santo.

Para protexer as cuadras existen unha variada gama de amuletos tanto profanos como relixiosos que evitarán as malas influencias. Así colocaranse loureiro ou olivo bendito, ou ramas de acivro. Pero sen dúbida a planta protectora por excelencia é o allo; ó comprar un animal ou cando se leva ó boi, frótase a cabeza dos animais e mailos cuadrís facendo cruces mentras se nomea a San Antonio. Algúns dos informantes aseguran que só fai efecto o allo macho. Ademáis tamén podemos atopar ferraduras, cornos, ollosmaos, crucifixos, estampas...

Tamén se podía exparexir auga bendita polas cuadras, e ter na casa, para atraer a sorte, a auga que se bendecía o mércores de cinza, xunto coa cinza do lume que se facía ese mesmo día na igrexa.

As vacas poden levar no corpo algún destes amuletos para non caer vítimas das malas miradas. Así pónenselles allos atados ós cornos ou ramos da planta da envexa. Por suposto cando a vaca sae por primeira vez no día requírese a presenza do santo patrón do gando dicindo: "San Antonio bendito".

A noite de San Xoán tamén representa un importante ceremonial preventivo. O día 23 antes de que marche o sol colócase ó redor das portas, teitos e fiestras tanto das cuadras como da casa, ramos de palitroques, fiuncho, bieteiro... para que "non entren as meigas e fagan mal á facenda". Con este mesmo fin faise a fogueira a media noite que se coloca nun lugar extratéxico onde ó día seguinte pasarán as vacas, que ó pisar as cinzas quedarán inmunizadas para todo o ano.

Ademáis sempre que morre unha persoa na casa, é aconsellable que no momento de quitar o cadáver cara o cemiterio as vacas estean nun prado afastado, xa que se cre que o morto tratará sempre de levar un animal con el. Con este fin, antes de marchar abrirá os ollos e o animal que mire será o que corra a súa mesma sorte.

Os responsos son medio místicos para protexer ós animais. As responsadas facíanse no fogar sobre todo no inverno para que as ovellas, cabras, vacas que quedaban no monte non foran presa dos lobos. Estes responsos tamén son válidos para atopar a os animais que se extraviaban, aínda que recitados por alguén experto. O responso máis recurrido é o responso de San Antonio de Padua que comeza "si buscas milagros, mira...", sen embargo tamén existen outros menos coñecidos adicados a San Antonio Pequeniño, que convén rescatar. Este é un pequeno fragmento dun deles:

"San Antonio pequeniño,
 Dios me garde estos animales que che encargo,
 Polas costañas vas tocando as bocinas,
 E os perríos enredando,
 ¿Para onde vas hortelán?
 Vas buscar cabras e ovellas, bois e vacas,
 Nas miñas non me toques e nas dos veciños non celes,

Que aí ven Santa Madalena cunhas cordiñas novas.
Con elas te prenderán,
Prendo o lobo e solto o can,
Que as miñas a fóra van...”

ANÁLISE

A partir destes datos deduciremos que o proceso vai arrancar cando xurde a enfermidade no gando, unha vez detectada a enfermidade e identificada a causa procederáse a tratala cos procedementos que a comunidade ten para esto. Parece ser que se fará de distinta maneira segundo a súa etioloxía: empírica ou mística⁴. No primeiro caso tratarase, habitualmente, de doenzas leves como resfriados, cortes, insolacións, problemas da vellez... Pola contra cando os síntomas son máis graves ou cando se atopa calquer comportamento estrano na vaca: escapar, enfurrecer... será achacado a unha forza sobrenatural.

Estes dous tipos de enfermidade van esixir unha terapia distinta, temos en primeiro lugar a farmacopea popular, e en segundo a utilización de oracións, rituais e a devoción ós santos, aínda que hai que advertir que non existen fronteiras netas e ambas formas de terapia se poden dar combinadas. Vexámolas máis detidamente:

As enfermidades naturais virán provocadas por un grupo de principios causantes que non se saen do natural ou normal: exceso de comida, calor ou frío, penetración de corpos estraños, picaduras de animais venenosos... ou simplemente por causas descoñecidas. Para o seu tratamento vanse utilizar plantas, minerais ou medios orgánicos aplicados en forma de infusións, emplastos, baños, unturas... Os elementos máis empregados na curación serán: obxetos (pedra contraveneno, trocar, coitelos, tixeiras, pinzas, ferros vellos...), minerais (terra), plantas (corciana, raíz de altea, herba boa, asento, baloco, celidonia...), elementos extraídos dos animais (graxa de porco, leite, ovos, casca de xiba...), elementos extraídos das persoas (ouriños) e produtos elaborados (viño, azucre, cervexa, coñac, aceite, vinagre...). Pero tamén pode existir rituais con alusión ó poder divino aínda que a enfermidade non sexa interpretada en clave de bruxería.

Algunhas destas prácticas téñense que realizar nunhos determinados momentos (no xexún, despois de comer...) e durante unhas determinadas veces, para que sexan eficaces. Ademáis algúns dos elementos vexetais terán un especial efecto se se recollen a noite ou a mañá de San Xoán.

O diagnóstico e tratamento deste tipo de enfermidades será competencia de toda a colectividade, coñecedora dos remedios caseiros, e experta na súa preparación. Sen embargo nalgúns casos acodirase ós especialistas no ámbito físico, os albeites.

⁴ Esta dobre concepción é propia de moitas das culturas actuais.

Os albeites, case sempre homes, son manciñeiros sen titulación que empregan produtos naturais ou elaborados e a ciruxía para sanar, os cales nalgún caso puntual combinan coa palabra (sobre todo os de maior idade). O seu saber foi aprendido de familiares que antes ca eles se adicaron ó oficio, ou a través de libros de veterinaria científica. En cada aldea da Pastoriza podía chegar a haber ata dous ou tres albeites, que eran requeridos naqueles casos en que os remedios aplicados polas persoas da casa fallaran, ou nalgúns casos que se precisara de ciruxía: punccionar a vaca, sangrala, entablillar extremidades...

O ámbito do espiritual estará nas mans dos sabios ou sabias da comunidade, persoas, depositarias dunha sabiduría que lles foi transmitida e duns poderes que usan de forma benéfica a cambio dunha remuneración. Tamén pode tratarse simplemente de veciños da comunidade que posúen os mesmos poderes curativos e que se ofrecen nun momento concreto a prestar axuda, pero non de forma habitual. Estes sabios tratarán o segundo tipo de enfermidades, as provocadas por unha forza sobrenatural.

Esta forza sobrenatural, saíra da meiga, que só cun sentimento de envexa ou polo simple feito de alabar as cualidades do animal sen encomendalo a San Antonio ou a Deus, desencadeará o mal, que producirá no animal a sintomatoloxía antes descrita:

“Acórdome dun domingo de feira que me deixaron na casa pra mante-las vacas. Tería eu dazaseis ou dazasete anos, e leveinas aí ó prado e estiveron pacendo. Cando as trouxen pa corte, tiñan alí un pío e puñeronse a beber, e baixaba unha persona e pasou polo lado das vacas, e namais mirar pa elas as vacas pararon de beber e botaron a correr, Eran as seis da tarde cando as din traido pa casa. Pero todas foron separadas, unha por un lado e outra po outro, Non puideron ir á feira e tuven que correr todo o día como un desgraciado. As vacas estábanche tolas, a unha que fun buscar á Fonte de Millo, según me viu eu penso co agradeceu, non tratou de escapar nin nada, xa se veu comigo, pero chegando á casa non quería entrar na casa e eso que eran vacas mansas que se xunguían. E botáronche un día ou dous nerviosas, mal a gusto hasta na cuadra, según chegaba a xunto delas estaban veloces, como se quixeran escapar, irse a ti”⁵.

A figura da meiga esixiría unha análise moi ampla que aquí non podemos facer, polo tanto unhas nocións básicas da mesma abondarán por agora. As meigas, en case tódalas ocasións son mulleres maiores, que viven soas, non teñen moito contacto co exterior e non gozan de moi boa sona entre os seus veciños: “quería mellor ver ó demo ca vela a ela por diante”. Pero algunhas persoas causan o dano involuntariamente, caso no que se inclúen tamén homes, e que xa non son catalogados como persoas maléficas: “hai xente que ten o mal de ollo e non o sabe, fano sen querer”. A suposta meiga posúe o poder de causar mal, que será a envexa, que lle concede “muita forza nos ollos”, e que provoca que o animal

⁵ Información facilitada por D. Arturo Regueiro. 65 anos.

enferme: “chántalle os ollos á vaca e enferma”. A meiga desexa o que non pode ter e ante a prosperidade do veciño porase en marcha un mecanismo de nivelación social no que se dirixirá contra unha vítima fácil e un animal fundamental na casa: a vaca. Esta caerá inevitablemente presa dela, aínda que baixo determinadas circunstancias cabe a posibilidade de poder evitalo.

Por exemplo, se a meiga é vista antes de que ela vexa a vítima perderá a forza e non poderá causar mal: “Se pasas coas vacas onde a súa casa tes que mirar de vela antes de que te vexa a ti, así xa non che poderá facer nada”. Se se sospeita que dirixiu ó animal unha mala mirada, nada máis volveuse, débese escupir ó chan ou acender unha vela bendita.

Se o mal de ollo non se pode previr desta maneira acudírase á sabia ou sabio, que identificará o problema e establecerá unha loita ritual contra a causa, é dicir a meiga, a través de ensalmos, oracións, esconxuros...:

“ A Claudina tñíache unha vaca branca preciosa, chamábase Paloma, un día veu de pacer e non se erguía. Dezasete homes, xa non collían polo patio, e nona deron erguido. Á noite foi un veciño alí e díxolle que lle dera a pucha do home da casa, alí se meteu na cuadra e non quixo a nadie con el, sabe Dios que fixo nin que palabras dixo, pero a vaca ergueuse ó día seguinte. Fórache unha meigaría, un mal dollo porque a envidia éche filla do demo e a caridá filla de Dios”⁶.

Estos xestos rituais son moi difíciles de recuperar xa que o saber destas persoas transmitíase de maneira moi limitada por medo a que “perdese a forza”, por iso cando se facía era baixo unhas condicións e formas especiais, determinados días e horas, para que seguira surtindo efecto. Algunhas persoas tamén afirman que nunca se poderán dicir oralmente senón por medio de escritos.

A miúdo estas palabras e xestos que se utilizan nos ritos, ou os ritos en sí mesmos, había que repetilos 3, 7 ou 9 veces, polo efecto máxico destes números que xa ven desde o mundo antigo. Ademáis sempre se remataba coa expresión “polo poder que Dios ten, e da Virgen María, Amén”.

Nalgúns casos para solucionar o problema tamén se pode buscar un vínculo con Deus a través de elementos sagrados: misas, oracións, devoción os santos curandeiros, esmolos... Os santos, que antes describíamos, intercederán para que os animais recuperen a saúde e a cambio recibirán o cumprimento dos favores que se lles prometeran por isto. Farase así un intercambio co santo protector. Ademáis haberá outro tipo de rituais secundarios: comprar imaxes, estampas, levar auga ou ramos das árbores do santuario... que aumentarán o contacto co santo e se colocarán cerca do animal para asegurar a protección. Como decíamos ó principio non hai fronteiras netas entre o natural e o sobrenatural, o profano e o sagrado, por iso os elementos que acabamos de mencionar poderán ser utilizados naquelas situacións en que as causas poidan ser tanto máxicas como naturais.

⁶ Información recibida de D.^a Josefa Lombardía. 83 anos.

Hai unha confianza plena no poder salútfero dos rituais terapéuticos, aínda que sempre se advirte do seu uso correcto ou recitación para que surtan efecto, no caso de non ser así pode empeorar a situación contra a que foron empregados. De momento que a curación sexa real ou non a nos non nos interesa tanto como o sistema cultural e de valores que a través deles podemos adiviñar.

Todas estas prácticas curativas atópanse no presente en retroceso entre a poboación rural, e desgraciadamente non lles deparamos un futuro moi alentador. Os campesiños non consideran hoxe en día estas terapias suficientes para curar, por iso acoden en gran medida ós remedios científicos. A veterinaria popular xa non desempeña o papel fundamental para recuperar a saúde do animal, e as súas aplicacións redúcense só a determinados ámbitos. No caso das prácticas naturais, empregáranse naqueles casos de doenzas leves, ou como maneira de previr máis que de curar a enfermidade. Estanse a introducir cada vez máis elementos elaborados, relegando os de orixe natural: mineral, animal, e sobretudo, vexetal. O caso máis grave está no recurso ó máxico-relixioso, que nalgunhas das súas variantes está totalmente desterrado e tildado de inculto e supersticioso, debido, seguramente, a un profundo descoñecemento dos seus elementos de conducta.

Non pretendemos decir que é mellor unha sociedade ancorada no pasado, nin que os cambios sexan negativos, só advertir que a veterinaria popular está gravemente ameazada, pero que é unha realidade que aínda existe e que merece a pena rescatar para concederlle o lugar que un día tivo e que hoxe merece na nosa cultura.

BIBLIOGRAFÍA

BECOÑA IGLESIAS, E. 1989 *Medicina Popular*. Vigo. Ir Indo.

CEBRIAN FRANCO, J. J. 1982 *Santuarios de Galicia (Diódesis de Santiago de Compostela)*. Arzobispado de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.

FIDALGO SANTAMARIÑA, J. A. 1988 *Antropología de una parroquia rural*. Caja rural de Ourense. Ourense.

GARCÍA SANZ, A. 1990 *Andanzas y anécdotas de un veterinario*. Edición del autor. Madrid.

KUSCHICK, I. 1995 *Medicina popular en España*.

LIS QUIBEN, V. 1949 *La medicina popular de Galicia*. Pontevedra.

LISON TOLOSANA, C. 1974 *Perfiles simbólicos y morales de la cultura gallega*. Akal. • 1979 *Brujería, estructura social y simbolismo en Galicia*. Akal. Madrid.

VÁZQUEZ VARELA, J. M. 1991 *Aproximación a un proyecto de antropología aplicada a la veterinaria en Galicia*, in V Xornadas de Estudo, A sanidade Animal en Galicia. Cadernos de Area de Ciencias agrarias 11. Publicacións do seminario de Estudos Galegos. Santiago de Compostela.